

## O LIXO por Tatami

Eu vivo en Aldariz, en Lousame. Aldariz é unha aldea moi bonita onde hai moitos animais, moitas árbores e algúns regatos. Hai unhas mesas de pedra para comer algo ou celebrar aniversarios e outras festas. Recentemente puxéronse a traballar para facer ao lado un campo de fútbol pero non puideron acabalo aínda. Tamén hai dúas paradas de autobús e unha casa de alugar, que antes era unha taberna, para pasar alí o verán.

Xa fai anos, na miña aldea, aos veciños propuxéronlles facer un vertedoiro de lixo municipal, o que sería moi beneficioso porque daría traballo aos veciños da aldea que estiveran en paro. Así que foron días de camións cheos de lixo, plásticos, cristais, restos de animais e roupas rotas, en fin, toneladas e toneladas de lixo que co paso do tempo se foron acumulando e convertíno nunha pequena montaña.

Co paso do tempo abriuse unha planta de reciclaxe en Servia, na que a partir do lixo orgánico que se recolle pola comarca se obtén compost de moi boa calidade que se utiliza para fertilizar as terras, pero antes de que isto pasase, un grupo de veciños, foron pedir ao concello que tapase con terra e achandase os escombros, e despois plantar algunha árbore, para que mellorase o aspecto do sitio.

Pasado algún tempo, a herba medrou, o sitio quedou callado, pero árbore non medrou ningunha, e debaixo o terreo ten que estar enfermo, polos plásticos contaminantes, o vidro e o lixo que hai debaixo.

Pero a planta de reciclaxe está a funcionar e os veciños aprenderon a distribuír o lixo nos colectores para reciclar ben os refugallo e que haxa un medio ambiente limpo.